

LIVROS


A TRIBO SABE

Este libro é a continuación doutro de mesmo autor ("Os vellos oficios") e seguirá cumha terceira entrega até completar a trilogía de ensaios dedicados à antropología dos labores artesanais.

Neles recupera-se a memoria recente dos oficios que esmorecem ou que se teñem reconvertido e adaptado aos modos actuais. Por aquí desfilan: os fogueteiros, campaneiros, cabaqueiros, polbeiros, ferreiros, afiadores, zoqueiros, tratantes e albaneis. Memórias dum


tempo onde os quefazeres eran mais demorados, e no que para exercer os oficios se precisava un maior contacto coa natureza: conhecer as materias primas (as madeiras, as peles,...), os tempos mais adecuados para a transformación, e o mesmo transitar pegado á terra dos ambulantes.

A parte do labor antropológico do libro, que mesmo recolle léxicos especializados dos distintos oficios, aparece-nos reflectido o mundo que giraba entono a estes traballos: as feiras, o deambular dos afiadores, etc... E isto feito mediante o diálogo coas testemuñas vivas, cos verdadeiros protagonistas destes ensaios narrativos adubiados cumha prosa vizosa de boa literatura. (J.P.)



HUMOR ECOLÓXICO

BIODEGRADABLE



PEDRO FAYA

ENCRUCILLADO EXII

Solucións ao encrucillado da CERNA Nº 27 (HORIZONTAIS): 1 FARO • FISCO, 2 OZA • AISEOP, 3 LAZO • R • UBU, 4 E • ANÓMALAS, 5 RA • AMES • L, 6 PLICA • PATA, 7 AL • SNOICOM, 8 AVÓ • ARA • O, 9 SOETA • ARAR, 10 IN • DERON.

HORIZONTAIS. 1. Nome dunha coñecida comarca galega. Preparo alimentos no lume 2. Siglas dunha organización xuvenil independentista galega. Pezas acufiadas de metal, ás que se lle dá valor en certas culturas 3. Plantas criptógramas formadas pola asociación de algas e fungos. Marchade 4. Ao revés, cidade hindu, unha das máis poboadas e ao tempo pobres do planeta. Siglas da organización Amnistía Internacional 5. Ao revés, siglas do Instituto Social da Mariña. Antes do meiodía. Consoante 6. Ao revés, outorgue, conceda. Cidade estremeña, famosa polos restos arqueolóxicos de época romana que conserva 7. Consoante nasal. Vocal de apertura media. Que non cre en Deus 8. Contracción. Poética 9. Arma para lanzar frechas. Ao revés, frouxo 10. Moeda de escasísimo valor. Derradeira consoante.

VERTICAIS. 1. Cidade castelá, famosa pola súa Universidade 2. Ao revés, quere, apreza. Ao revés, forma apocopada de pero 3. Nen sólido, nen gaseoso. Partícula comparativa 4. Consoante nasal. Ao revés, nádegas. Personaxe bíblico que ficou viúvo cando o de Sodoma e Gomorra 5. Ao revés, temón, aparello para dirixir unha embarcación. Dialectalmente, nai. Vocal de apertura máxima 6. Insípida, sen sabor. Ao revés, lugar pechado e cuberto para gardar o gando 7. Vocal de apertura media. Tipo de amorodo 8. Ao revés, dise da persoa que ten as súas facultades mentais perturbadas. Andar á..., segundo o Catecismo do Labrego, era sinónimo de ter fame 9. Pobo da comarca das Mariñas, onde naceu Suárez Picallo. Cincocentos. Ao revés, nota musical 10. A este convento, sito nunha aldea ourensá, chámannelo o "Escorial galego". Derradeira consoante.

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
1										
2										
3										
4										
5										
6										
7										
8										
9										
10										